




Don Denís

Dobre : consiste na repetición dunha palabra ou grupo de palabras en lugares simétricos de diferentes estrofas.

Fiinda:trátase dunha estrofa final, cun número de versos inferior ás demais, que completa ou resume o contido da cantiga.

Ateúda: denomínase cantiga ateúda a que presenta un sistema de encadeamento que liga unhas estrofas con outras, xa que o sentido dunha cobra complétase na seguinte.

Mordobre: é un proceso de repetición semellante ao dobre, pero neste caso o que se repite é un mesmo lexema con variación dos morfemas flexivos.

Cativo, mal **consellado**!
que me non sei **consellar**,
e sempre vivo en **cuidado**,
pero non posso **cuidar**
cousa que me proe **teña**
contra quen me en coita **ten**:
ante cuido eu que me **veña**
peor do que me ora **vén**.

Cuido esto e cuido **guisado**,
ca me quis Deus **aguisar**
que sempre amei **desamado**,
e fazme **señor****amar**
tan de prez e que **parece**
tan ben que, per **parecer**
e per prez, outre **merece**
que a possa **merecer**. [...]

Martín Moxa